

CONVENCIÓN SOBRE OS DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Preámbulo

Os Estados Partes na presente Convención,

a) Recordando os principios da Carta das Nacións Unidas que proclaman que a liberdade, a xustiza e a paz no mundo teñen por base o recoñecemento da dignidade e o valor inherentes e dos dereitos iguais e inalienables de todos os membros da familia humana,

b) Recoñecendo que as Nacións Unidas, na Declaración universal dos dereitos humanos e nos pactos internacionais de dereitos humanos, recoñeceron e proclamaron que toda persoa ten os dereitos e liberdades enunciados neses instrumentos, sen distinción de ningunha índole,

c) Reafirmando a universalidade, indivisibilidade, interdependencia e interrelación de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais, así como a necesidade de garantir que as persoas con discapacidade os exerzan plenamente e sen discriminación,

d) Recordando o Pacto internacional de dereitos económicos, sociais e culturais, o Pacto internacional de dereitos civís e políticos, a Convención internacional sobre a eliminación de todas as formas de discriminación racial, a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller, a Convención contra a tortura e outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes, a Convención sobre os dereitos do neno e a Convención internacional sobre a protección dos dereitos de todos os traballadores migratorios e dos seus familiares,

e) Recoñecendo que a discapacidade é un concepto que evoluciona e que resulta da interacción entre as persoas con deficiencias e as barreiras debidas á actitude e ao ámbito que evitan a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións coas demais,

f) Recoñecendo a importancia que revisten os principios e as directrices de política que figuran no Programa de acción mundial para os impedidos e nas Normas uniformes sobre a igualdade de oportunidades para as persoas con discapacidade como factor na promoción, a formulación e a avaliación de normas, plans, programas e medidas de ámbito nacional, rexional e internacional destinados a darlles unha maior igualdade de oportunidades ás persoas con discapacidade,

g) Destacando a importancia de incorporar as cuestións relativas á discapacidade como parte integrante das estratexias pertinentes de desenvolvemento sostible,

h) Recoñecendo tamén que a discriminación contra calquera persoa por razón da súa discapacidade constitúe unha vulneración da dignidade e do valor inherentes do ser humano,

i) Recoñecendo ademais a diversidade das persoas con discapacidade,

j) Recoñecendo a necesidade de promover e protexer os dereitos humanos de todas as persoas con discapacidade, incluídas aquelas que necesitan un apoio máis intenso,

k) Observando con preocupación que, malia estes diversos instrumentos e actividades, as persoas con discapacidade seguen encontrando barreiras para participar en igualdade de condicións coas demais na vida social e que se seguen vulnerando os seus dereitos humanos en todas as partes do mundo,

l) *Recoñecendo* a importancia da cooperación internacional para mellorar as condicións de vida das persoas con discapacidade en todos os países, en particular nos países en desenvolvemento,

m) *Recoñecendo* o valor das contribucións que realizan e poden realizar as persoas con discapacidade ao benestar xeral e á diversidade das súas comunidades, e que a promoción do pleno gozo dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais polas persoas con discapacidade e da súa plena participación terán como resultado un maior sentido de pertenza destas persoas e avances significativos no desenvolvemento económico, social e humano da sociedade e na erradicación da pobreza,

n) *Recoñecendo* a importancia que para as persoas con discapacidade reviste a súa autonomía e independencia individual, incluída a liberdade de tomar as súas propias decisións,

o) *Considerando* que as persoas con discapacidade deben ter a oportunidade de participar activamente nos procesos de adopción de decisións sobre políticas e programas, incluídos os que as afectan directamente,

p) *Preocupados* pola difícil situación en que se atopan as persoas con discapacidade que son vítimas de múltiples ou agravadas formas de discriminación por motivos de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional, étnica, indíxena ou social, patrimonio, nacemento, idade ou calquera outra condición,

q) *Recoñecendo* que as mulleres e as nenas con discapacidade adoitan estar expostas a un risco maior, dentro e fóra do fogar, de violencia, lesións ou abuso, abandono ou trato negligente, malos tratos ou explotación,

r) *Recoñecendo* tamén que os nenos e as nenas con discapacidade deben gozar plenamente de todos os dereitos humanos e das liberdades fundamentais en igualdade de condicións cos demais nenos e nenas, e recordando as obrigas que a este respecto asumiron os Estados Partes na Convención sobre os dereitos do neno,

s) *Subliñando* a necesidade de incorporar unha perspectiva de xénero en todas as actividades destinadas a promover o pleno gozo dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais polas persoas con discapacidade,

t) *Destacando* o feito de que a maioría das persoas con discapacidade viven en condicións de pobreza e recoñecendo, a este respecto, a necesidade fundamental de mitigar os efectos negativos da pobreza nas persoas con discapacidade,

u) *Tendo presente* que, para lograr a plena protección das persoas con discapacidade, en particular durante os conflitos armados e a ocupación estranxeira, é indispensable que se dean condicións de paz e seguridade baseadas no pleno respecto dos propósitos e principios da Carta das Nacións Unidas e se respecten os instrumentos vixentes en materia de dereitos humanos,

v) *Recoñecendo* a importancia da accesibilidade ao ámbito físico, social, económico e cultural, á saúde e á educación e á información e ás comunicacións, para que as persoas con discapacidade poidan gozar plenamente de todos os dereitos humanos e as liberdades fundamentais,

w) *Conscientes* de que as persoas, que teñen obrigas respecto a outras persoas e á comunidade á que pertencen, teñen a responsabilidade de procurar, por todos os medios, que se promovan e respecten os dereitos recoñecidos na Carta internacional de dereitos humanos,

x) *Convencidos* de que a familia é a unidade colectiva natural e fundamental da sociedade e ten dereito a recibir protección desta e do Estado, e de que as persoas con discapacidade e os seus familiares deben recibir a protección e a asistencia necesarias para que as familias poidan contribuír a que as persoas con discapacidade gocen dos seus dereitos plenamente e en igualdade de condicións,

y) *Convencidos* de que unha convención internacional ampla e integral para promover e protexer os dereitos e a dignidade das persoas con discapacidade contribuirá significativamente a paliar a profunda desvantaxe social das persoas con discapacidade e promoverá a súa participación, con igualdade de oportunidades, nos ámbitos civil, político, económico, social e cultural, tanto nos países en desenvolvemento como nos desenvolvidos,

Conveñen no seguinte:

Artigo 1

Propósito

O propósito da presente Convención é promover, protexer e asegurar o gozo pleno e en condicións de igualdade de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais por todas as persoas con discapacidade, e promover o respecto da súa dignidade inherente.

As persoas con discapacidade inclúen aquelas que teñan deficiencias físicas, mentais, intelectuais ou sensoriais a longo prazo que, ao interactuar con diversas barreiras, poidan impedir a súa participación plena e efectiva na sociedade en igualdade de condicións coas demais.

Artigo 2

Definicións

Para os fins da presente Convención:

A "comunicación" incluírá as linguaxes, a visualización de textos, o Braille, a comunicación táctil, os macrotipos, os dispositivos multimedia de doado acceso, así como a linguaxe escrita, os sistemas auditivos, a linguaxe sinxela, os medios de voz dixitalizada e outros modos, medios e formatos aumentativos ou alternativos de comunicación, incluída a tecnoloxía da información e as comunicacións de doado acceso;

Por "linguaxe" entenderase tanto a linguaxe oral como a lingua de sinais e outras formas de comunicación non verbal;

Por "discriminación por motivos de discapacidade" entenderase calquera distinción, exclusión ou restrición por motivos de discapacidade que teña o propósito ou o efecto de obstaculizar ou deixar sen efecto o recoñecemento, gozo ou exercicio, en igualdade de condicións, de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais nos ámbitos político, económico, social, cultural, civil ou doutro tipo. Inclúe todas as formas de discriminación, entre elas, a denegación de axustes razoables;

Por "axustes razoables" entenderanse as modificacións e adaptacións necesarias e axeitadas que non impoñan unha carga desproporcionada ou indebida, cando se requiran nun caso particular, para lles garantir ás persoas con discapacidade o gozo ou exercicio, en igualdade de condicións coas demais, de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais;

Por "deseño universal" entenderase o deseño de produtos, ámbitos, programas e servizos que poidan utilizar todas as persoas, na maior medida posible, sen necesidade de adaptación nin deseño especializado.

O "deseño universal" non excluírá as axudas técnicas para grupos particulares de persoas con discapacidade, cando se necesiten.

Artigo 3

Principios xerais

Os principios da presente Convención serán:

- a) O respecto da dignidade inherente, a autonomía individual, incluída a liberdade de tomar as propias decisións, e a independencia das persoas;
- b) A non discriminación;
- c) A participación e inclusión plenas e efectivas na sociedade;
- d) O respecto pola diferenza e a aceptación das persoas con discapacidade como parte da diversidade e a condición humanas;
- e) A igualdade de oportunidades;
- f) A accesibilidade;
- g) A igualdade entre o home e a muller;
- h) O respecto á evolución das facultades dos nenos e das nenas con discapacidade e do seu dereito a preservar a súa identidade.

Artigo 4

Obrigas xerais

1. Os Estados Partes comprométense a asegurar e promover o pleno exercicio de todos os dereitos humanos e as liberdades fundamentais das persoas con discapacidade sen discriminación ningunha por motivos de discapacidade. Para tal fin, os Estados Partes comprométense a:

- a) Adoptar todas as medidas legislativas, administrativas e doutra índole que sexan pertinentes para facer efectivos os dereitos recoñecidos na presente Convención;
- b) Tomar todas as medidas pertinentes, incluídas medidas legislativas, para modificar ou derrogar leis, regulamentos, costumes e prácticas existentes que constitúan discriminación contra as persoas con discapacidade;
- c) Ter en conta, en todas as políticas e todos os programas, a protección e promoción dos dereitos humanos das persoas con discapacidade;
- d) Absterse de actos ou prácticas que sexan incompatibles coa presente Convención e velar porque as autoridades e institucións públicas actúen conforme ao disposto nela;

- e) Tomar todas as medidas pertinentes para que ningunha persoa, organización ou empresa privada discrimine por motivos de discapacidade;
- f) Emprender ou promover a investigación e o desenvolvemento de bens, servizos, equipo e instalacións de deseño universal, conforme á definición do artigo 2 da presente Convención, que requiran a menor adaptación posible e o menor custo para satisfacer as necesidades específicas das persoas con discapacidade, promover a súa dispoñibilidade e uso, e promover o deseño universal na elaboración de normas e directrices;
- g) Emprender ou promover a investigación e o desenvolvemento, e promover a dispoñibilidade e o uso de novas tecnoloxías, incluídas as tecnoloxías da información e as comunicacións, axudas para a mobilidade, dispositivos técnicos e tecnoloxías de apoio axeitadas para as persoas con discapacidade, dándolles prioridade ás de prezo alcanzable;
- h) Proporcionar información que sexa accesible para as persoas con discapacidade sobre axudas á mobilidade, dispositivos técnicos e tecnoloxías de apoio, incluídas novas tecnoloxías, así como outras formas de asistencia e servizos e instalacións de apoio;
- i) Promover a formación dos profesionais e o persoal que traballan con persoas con discapacidade respecto dos dereitos recoñecidos na presente Convención, co fin de prestar mellor a asistencia e os servizos garantidos por eses dereitos.

2. Con respecto aos dereitos económicos, sociais e culturais, os Estados Partes comprométese a adoptar medidas ata o máximo dos seus recursos dispoñibles e, cando sexa necesario, no marco da cooperación internacional, para lograr, de xeito progresivo, o pleno exercicio destes dereitos, sen prexuízo das obrigas previstas na presente Convención que sexan aplicables de inmediato en virtude do dereito internacional.

3. Na elaboración e aplicación de lexislación e políticas para facer efectiva a presente Convención, e noutros procesos de adopción de decisións sobre cuestións relacionadas coas persoas con discapacidade, os Estados Partes celebrarán consultas estreitas e colaborarán activamente coas persoas con discapacidade, incluídos os nenos e as nenas con discapacidade, a través das organizacións que as representan.

4. Nada do disposto na presente Convención afectará as disposicións que poidan facilitar, en maior medida, o exercicio dos dereitos das persoas con discapacidade e que poidan figurar na lexislación dun Estado Parte ou no dereito internacional en vigor no devandito Estado. Non se restrinxirán nin derrogarán ningún dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais recoñecidos ou existentes nos Estados Partes na presente Convención de conformidade coa lei, as convencións e os convenios, os regulamentos ou o costume, co pretexto de que na presente Convención non se recoñecen eses dereitos ou liberdades ou se recoñecen en menor medida.

5. As disposicións da presente Convención aplicaranse a todas as partes dos Estados federais sen limitacións nin excepcións.

Artigo 5

Igualdade e non discriminación

1. Os Estados Partes recoñecen que todas as persoas son iguais ante a lei e en virtude dela e que teñen dereito a igual protección legal e a beneficiarse da lei en igual medida sen discriminación ningunha.
2. Os Estados Partes prohibirán toda discriminación por motivos de discapacidade e garantiránlles a todas as persoas con discapacidade protección legal igual e efectiva contra a discriminación por calquera motivo.
3. Co fin de promover a igualdade e eliminar a discriminación, os Estados Partes adoptarán todas as medidas pertinentes para asegurar a realización de axustes razoables.
4. Non se considerarán discriminatorias, en virtude da presente Convención, as medidas específicas que sexan necesarias para acelerar ou lograr a igualdade de feito das persoas con discapacidade.

Artigo 6

Mulleres con discapacidade

1. Os Estados Partes recoñecen que as mulleres e nenas con discapacidade están suxeitas a múltiples formas de discriminación e, a ese respecto, adoptarán medidas para asegurar que poidan gozar plenamente e en igualdade de condicións de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais.
2. Os Estados Partes tomarán todas as medidas pertinentes para asegurar o pleno desenvolvemento, adianto e potenciación da muller, co propósito de garantirlle o exercicio e gozo dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais establecidos na presente Convención.

Artigo 7

Nenos e nenas con discapacidade

1. Os Estados Partes tomarán todas as medidas necesarias para asegurar que todos os nenos e as nenas con discapacidade gocen plenamente de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais en igualdade de condicións cos demais nenos e nenas.
2. En todas as actividades relacionadas cos nenos e nenas con discapacidade, unha consideración primordial será a protección do interese superior do neno.
3. Os Estados Partes garantirán que os nenos e as nenas con discapacidade teñan dereito a expresar a súa opinión libremente sobre todas as cuestións que os afecten, opinión que recibirá a debida consideración tendo en conta a súa idade e madurez, en igualdade de condicións cos demais nenos e nenas, e a recibir asistencia apropiada conforme á súa discapacidade e idade para poder exercer ese dereito.

Artigo 8

Toma de conciencia

1. Os Estados Partes comprométense a adoptar medidas inmediatas, efectivas e pertinentes para:

- a) Sensibilizar a sociedade, mesmo no ámbito familiar, para que tome maior conciencia respecto das persoas con discapacidade e fomentar o respecto dos dereitos e a dignidade destas persoas;
- b) Loitar contra os estereotipos, os prexuizos e as prácticas nocivas respecto das persoas con discapacidade, incluídos os que se basean no xénero ou a idade, en todos os ámbitos da vida;
- c) Promover a toma de conciencia respecto das capacidades e achegas das persoas con discapacidade.

2. As medidas para este fin inclúen:

- a) Poñer en marcha e manter campañas efectivas de sensibilización pública destinadas a:
 - i) Fomentar actitudes receptivas respecto dos dereitos das persoas con discapacidade;
 - ii) Promover percepcións positivas e unha maior conciencia social respecto das persoas con discapacidade;
 - iii) Promover o recoñecemento das capacidades, os méritos e as habilidades das persoas con discapacidade e das súas achegas en relación co lugar de traballo e o mercado laboral;
- b) Fomentar en todos os niveis do sistema educativo, mesmo entre todos os nenos e as nenas dende unha idade temperá unha actitude de respecto dos dereitos das persoas con discapacidade;
- c) Alentar a todos os órganos dos medios de comunicación a que difundan unha imaxe das persoas con discapacidade que sexa compatible co propósito da presente Convención;
- d) Promover programas de formación sobre sensibilización que teñan en conta as persoas con discapacidade e os dereitos destas persoas.

Artigo 9

Accesibilidade

1. Co fin de que as persoas con discapacidade poidan vivir en forma independente e participar plenamente en todos os aspectos da vida, os Estados Partes adoptarán medidas pertinentes para asegurar o acceso das persoas con discapacidade en igualdade de condicións coas demais, ao ámbito físico, o transporte, a información e as comunicacións, incluídos os sistemas e as tecnoloxías da información e as comunicacións, e a outros servizos e instalacións abertos ao público ou de uso público, tanto en zonas urbanas como rurais. Estas medidas, que incluirán a identificación e

eliminación de obstáculos e barreiras de acceso, aplicaranse, entre outras cousas, a:

- a) Os edificios, as vías públicas, o transporte e outras instalacións exteriores e interiores como escolas, vivendas, instalacións médicas e lugares de traballo;
- b) Os servizos de información, comunicacións e doutro tipo, incluído os servizos electrónicos e de emerxencia.

2. Os Estados Partes tamén adoptarán as medidas pertinentes para:

- a) Desenvolver, promulgar e supervisar a aplicación de normas mínimas e directrices sobre a accesibilidade das instalacións e os servizos abertos ao público ou de uso público;
- b) Asegurar que as entidades privadas que proporcionan instalacións e servizos abertos ao público ou de uso público teñan en conta todos os aspectos da súa accesibilidade para as persoas con discapacidade;
- c) Ofrecer formación a todas as persoas involucradas nos problemas de accesibilidade a que se enfrontan as persoas con discapacidade;
- d) Dotar os edificios e outras instalacións abertas ao público de sinalización en Braille e en formatos de doada lectura e comprensión;
- e) Ofrecer formas de asistencia humana ou animal e intermediarios, incluídos guías, lectores e intérpretes profesionais da lingua de sinais, para facilitar o acceso a edificios e outras instalacións abertas ao público;
- f) Promover outras formas axeitadas de asistencia e apoio ás persoas con discapacidade para asegurar o seu acceso á información;
- g) Promover o acceso das persoas con discapacidade aos novos sistemas e tecnoloxías da información e as comunicacións, incluída Internet;
- h) Promover o deseño, o desenvolvemento, a produción e a distribución de sistemas e tecnoloxías da información e as comunicacións accesibles nunha etapa temperá, co fin de que estes sistemas e tecnoloxías sexan accesibles ao menor custo.

Artigo 10

Dereito á vida

Os Estados Partes reafirman o dereito inherente á vida de todos os seres humanos e adoptarán todas as medidas necesarias para garantir o gozo efectivo dese dereito polas persoas con discapacidade en igualdade de condicións coas demais.

Artigo 11

Situacións de risco e emerxencias humanitarias

Os Estados Partes adoptarán, en virtude das responsabilidades que lles corresponden conforme ao dereito internacional, e en concreto o dereito internacional humanitario e o dereito internacional dos dereitos humanos, todas as medidas necesarias para garantir a seguridade e a protección das persoas con discapacidade en situacións de risco, incluídas situacións de conflito armado, emerxencias humanitarias e desastres naturais.

Artigo 12

Igual recoñecemento como persoa ante a lei

1. Os Estados Partes reafirman que as persoas con discapacidade teñen dereito en todas as partes ao recoñecemento da súa personalidade xurídica.

2. Os Estados Partes recoñecerán que as persoas con discapacidade teñen capacidade xurídica en igualdade de condicións coas demais en todos os aspectos da vida.

3. Os Estados Partes adoptarán as medidas pertinentes para lles proporcionar acceso ás persoas con discapacidade ao apoio que poidan necesitar no exercicio da súa capacidade xurídica.

4. Os Estados Partes asegurarán que en todas as medidas relativas ao exercicio da capacidade xurídica se proporcionen salvagardas axeitadas e efectivas para impedir os abusos, de conformidade co dereito internacional en materia de dereitos humanos. Esas salvagardas asegurarán que as medidas relativas ao exercicio da capacidade xurídica respecten os dereitos, a vontade e as preferencias da persoa, que non haxa conflito de intereses nin influencia indebida, que sexan proporcionais e adaptadas ás circunstancias da persoa, que se apliquen no prazo máis curto posible e que estean suxeitas a exames periódicos por parte dunha autoridade ou un órgano xudicial competente, independente e imparcial. As salvagardas serán proporcionais ao grao en que as devanditas medidas afecten os dereitos e intereses das persoas.

5. Sen prexuízo do disposto no presente artigo, os Estados Partes tomarán todas as medidas que sexan pertinentes e efectivas para garantir o dereito das persoas con discapacidade, en igualdade de condicións coas demais, a ser propietarias e herdar bens, controlar os seus propios asuntos económicos e ter acceso en igualdade de condicións a empréstitos bancarios, hipotecas e outras modalidades de crédito financeiro, e velarán porque as persoas con discapacidade non sexan privadas dos seus bens de xeito arbitrario.

Artigo 13

Acceso á xustiza

1. Os Estados Partes asegurarán que as persoas con discapacidade teñan acceso á xustiza en igualdade de condicións coas demais, mesmo mediante axustes de procedemento e axeitados á idade, para facilitar o desempeño das funcións efectivas desas persoas como participantes directas e indirectas, incluída a declaración como testemuñas en todos os procedementos xudiciais, con inclusión da etapa de investigación e outras etapas preliminares.

2. Co fin de asegurar que as persoas con discapacidade teñan acceso efectivo á xustiza, os Estados Partes promoverán a capacitación axeitada dos que traballan na administración de xustiza, incluído o persoal policial e de centros penais.

Artigo 14

Liberdade e seguridade da persoa

1. Os Estados Partes asegurarán que as persoas con discapacidade, en igualdade de condicións coas demais:

a) Gocen do dereito á liberdade e seguridade da persoa;

b) Non se vexan privadas da súa liberdade ilegal ou arbitrariamente e que calquera privación de liberdade sexa de conformidade coa lei, e que a existencia dunha discapacidade non xustifique, en ningún caso, unha privación da liberdade.

2. Os Estados Partes asegurarán que as persoas con discapacidade que se vexan privadas da súa liberdade en razón dun proceso teñan, en igualdade de condicións coas demais, dereito a garantías de conformidade co dereito internacional dos dereitos humanos e a ser tratadas de conformidade cos obxectivos e principios da presente Convención, incluída a realización de axustes razoables.

Artigo 15

Protección contra a tortura e outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes

1. Ningunha persoa será sometida a tortura ou outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes. En particular, ninguén será sometido a experimentos médicos ou científicos sen o seu libre consentimento.
2. Os Estados Partes tomarán todas as medidas de carácter legislativo, administrativo, xudicial ou doutra índole que sexan efectivas para evitar que as persoas con discapacidade, en igualdade de condicións coas demais, sexan sometidas a torturas ou outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes.

Artigo 16

Protección contra a explotación, a violencia e o abuso

1. Os Estados Partes adoptarán todas as medidas de carácter legislativo, administrativo, social, educativo e doutra índole que sexan pertinentes para protexer as persoas con discapacidade, tanto no seo do fogar como fóra del, contra todas as formas de explotación, violencia e abuso, incluídos os aspectos relacionados co xénero.
2. Os Estados Partes tamén adoptarán todas as medidas pertinentes para impedir calquera forma de explotación, violencia e abuso e asegurarán, entre outras cousas, que existan formas axeitadas de asistencia e apoio que teñan en conta o xénero e a idade para as persoas con discapacidade e os seus familiares e cuidadores, mesmo proporcionando información e educación sobre o xeito de previr, recoñecer e denunciar os casos de explotación, violencia e abuso. Os Estados Partes asegurarán que os servizos de protección teñan en conta a idade, o xénero e a discapacidade.
3. Co fin de impedir que se produzan casos de explotación, violencia e abuso, os Estados Partes asegurarán que todos os servizos e programas deseñados para servir ás persoas con discapacidade sexan supervisados efectivamente por autoridades independentes.
4. Os Estados Partes tomarán todas as medidas pertinentes para promover a recuperación física, cognitiva e psicolóxica, a rehabilitación e a reintegración social das persoas con discapacidade que sexan vítimas de calquera forma de explotación, violencia ou abuso, mesmo mediante a prestación de servizos de protección. A devandita recuperación e integración terán lugar nun ámbito que sexa favorable para a saúde, o benestar, a autoestima, a dignidade e a autonomía da persoa e que teña en conta as necesidades específicas do xénero e a idade.
5. Os Estados Partes adoptarán lexislación e políticas efectivas, incluídas lexislación e políticas centradas na muller e na infancia, para asegurar que os casos

de explotación, violencia e abuso contra persoas con discapacidade sexan detectados, investigados e, se é o caso, xulgados.

Artigo 17

Protección da integridade persoal

Toda persoa con discapacidade ten dereito a que se respecte a súa integridade física e mental en igualdade de condicións coas demais.

Artigo 18

Liberdade de desprazamento e nacionalidade

1. Os Estados Partes recoñecerán o dereito das persoas con discapacidade á liberdade de desprazamento, á liberdade para elixir a súa residencia e a unha nacionalidade, en igualdade de condicións coas demais, mesmo asegurando que as persoas con discapacidade:

- a) Teñan dereito a adquirir e cambiar unha nacionalidade e a non ser privada da súa de xeito arbitrario ou por motivos de discapacidade;
- b) Non sexan privadas, por motivos de discapacidade, da súa capacidade para obter, posuír e utilizar documentación relativa á súa nacionalidade ou outra documentación de identificación, ou para utilizar procedementos pertinentes, como o procedemento de inmigración, que poidan ser necesarios para facilitar o exercicio do dereito á liberdade de desprazamento;
- c) Teñan liberdade para saír de calquera país, incluído o propio;
- d) Non se vexan privadas, arbitrariamente ou por motivos de discapacidade, do dereito a entrar no seu propio país.

2. Os nenos e as nenas con discapacidade serán inscritos inmediatamente despois do seu nacemento e terán dende o nacemento dereito a un nome, a adquirir unha nacionalidade e, na medida do posible, a coñecer os seus pais e ser atendidos por eles.

Artigo 19

Dereito a vivir de forma independente e a ser incluído na comunidade

Os Estados Partes na presente Convención recoñecen o dereito en igualdade de condicións de todas as persoas con discapacidade a vivir na comunidade, con opcións iguais ás das demais, e adoptarán medidas efectivas e pertinentes para facilitar o pleno gozo deste dereito polas persoas con discapacidade e a súa plena inclusión e participación na comunidade, asegurando en especial que

- a) As persoas con discapacidade teñan a oportunidade de elixir o seu lugar de residencia e onde e con quen vivir, en igualdade de condicións coas demais, e non se vexan obrigadas a vivir conforme a un sistema de vida específico;
- b) As persoas con discapacidade teñan acceso a unha variedade de servizos de asistencia domiciliar, residencial e outros servizos de apoio da comunidade,

incluídas a asistencia persoal que sexa necesaria para facilitar a súa existencia e a súa inclusión na comunidade e para evitar o seu illamento ou separación desta;

c) As instalacións e os servizos comunitarios para a poboación en xeral estean á disposición, en igualdade de condicións, das persoas con discapacidade e teñan en conta as súas necesidades.

Artigo 20

Mobilidade persoal

Os Estados Partes adoptarán medidas efectivas para asegurar que as persoas con discapacidade gocen de mobilidade persoal coa maior independencia posible, entre elas:

- a) Facilitar a mobilidade persoal das persoas con discapacidade na forma e no momento que desexen un custo alcanzable;
- b) Facilitar o acceso das persoas con discapacidade a formas de asistencia humana ou animal e intermediarios, tecnoloxías de apoio, dispositivos técnicos e axudas para a mobilidade de calidade, mesmo poñéndoos á súa disposición a un custo alcanzable;
- c) Ofrecerlles ás persoas con discapacidade e ao persoal especializado que traballe con estas persoas capacitación en habilidades relacionadas coa mobilidade;
- d) Alentar as entidades que fabrican axudas para a mobilidade, dispositivos e tecnoloxías de apoio a que teñan en conta todos os aspectos da mobilidade das persoas con discapacidade.

Artigo 21

Liberdade de expresión e de opinión e acceso á información

Os Estados Partes adoptarán todas as medidas pertinentes para que as persoas con discapacidade poidan exercer o dereito á liberdade de expresión e opinión, incluída a liberdade de solicitar, recibir e facilitar información e ideas en igualdade de condicións coas demais e mediante calquera forma de comunicación que elixan conforme á definición do artigo 2 da presente Convención, entre elas:

- a) Facilitarlles ás persoas con discapacidade información dirixida ao público en xeral, de xeito oportuno e sen custo adicional, en formatos accesibles e coas tecnoloxías axeitadas aos diferentes tipos de discapacidade;
- b) Aceptar e facilitar a utilización da lingua de sinais, o Braille, os modos, medios, e formatos aumentativos e alternativos de comunicación e todos os demais modos, medios e formatos de comunicación accesibles que elixan as persoas con discapacidade nas súas relacións oficiais;
- c) Alentar as entidades privadas que lle presten servizos ao público en xeral, mesmo mediante Internet, a que proporcionen información e servizos en formatos que as persoas con discapacidade poidan utilizar e aos que teñan acceso;
- d) Alentar os medios de comunicación, incluídos os que subministran información a través de Internet, a que fagan que os seus servizos sexan accesibles para as persoas con discapacidade;
- e) Recoñecer e promover a utilización de linguas de sinais.

Artigo 22

Respecto da privacidade

1. Ningunha persoa con discapacidade, independentemente de cal sexa o seu lugar de residencia ou a súa modalidade de convivencia, será obxecto de inxerencias arbitrarias ou ilegais na súa vida privada, familia, fogar, correspondencia ou calquera outro tipo de comunicación, ou de agresións ilícitas contra a súa honra e a súa reputación. As persoas con discapacidade terán dereito a ser protexidas pola lei fronte ás devanditas inxerencias ou agresións.

2. Os Estados Partes protexerán a privacidade da información persoal e relativa á saúde e á rehabilitación das persoas con discapacidade en igualdade de condicións coas demais.

Artigo 23

Respecto do fogar e da familia

1. Os Estados Partes tomarán medidas efectivas e pertinentes para lle poñer fin á discriminación contra as persoas con discapacidade en todas as cuestións relacionadas co matrimonio, a familia, a paternidade e as relacións persoais, e lograr que as persoas con discapacidade estean en igualdade de condicións coas demais, co fin de asegurar que:

a) Se recoñeza o dereito de todas as persoas con discapacidade en idade de contraer matrimonio a casar e fundar unha familia sobre a base do consentimento libre e pleno dos futuros cónxuxes;

b) Se respecte o dereito das persoas con discapacidade a decidir libremente e de xeito responsable o número de fillos que queren ter e o tempo que debe transcorrer entre un nacemento e outro, e a ter acceso á información, educación sobre reprodución e planificación familiar apropiados para a súa idade, e se ofrezan os medios necesarios que lles permitan exercer eses dereitos;

c) As persoas con discapacidade, incluídos os nenos e as nenas, manteñan a súa fertilidade, en igualdade de condicións coas demais.

2. Os Estados Partes garantirán os dereitos e obrigas das persoas con discapacidade no que respecta á custodia, a tutela, a garda, a adopción de nenos ou institucións similares, cando eses conceptos se recollan na lexislación nacional; en todos os casos se velará ao máximo polo interese superior do neno. Os Estados Partes prestarán a asistencia apropiada ás persoas con discapacidade para o desempeño das súas responsabilidades na crianza dos fillos.

3. Os Estados Partes asegurarán que os nenos e as nenas con discapacidade teñan os mesmos dereitos con respecto á vida en familia. Para facer efectivos estes dereitos, e co fin de previr a ocultación, o abandono, a negligencia e a segregación dos nenos e as nenas con discapacidade, os Estados Partes velarán porque se proporcione con anticipación información, servizos e apoio xerais aos menores con discapacidade e ás súas familias.

4. Os Estados Partes asegurarán que os nenos e as nenas non sexan separados dos seus pais contra a súa vontade, salvo cando as autoridades competentes, con suxeición a un exame xudicial, determinen, de conformidade coa lei e os procedementos aplicables, que esa separación é necesaria no interese superior do

nenos. En ningún caso se separará un menor dos seus pais en razón dunha discapacidade do menor, de ambos os dous pais ou dun deles.

5. Os Estados Partes farán todo o posible, cando a familia inmediata non poida coidar dun neno con discapacidade, por proporcionar atención alternativa dentro da familia extensa e, de non ser isto posible, dentro da comunidade nun ámbito familiar.

Artigo 24

Educación

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito das persoas con discapacidade á educación. Con miras a facer efectivo este dereito sen discriminación e sobre a base da igualdade de oportunidades, os Estados Partes asegurarán un sistema de educación inclusivo a todos os niveis, así como o ensino ao longo da vida, co fin de:

a) Desenvolver plenamente o potencial humano e o sentido da dignidade e a autoestima e reforzar o respecto polos dereitos humanos, as liberdades fundamentais e a diversidade humana;

b) Desenvolver ao máximo a personalidade, os talentos e a creatividade das persoas con discapacidade, así como as súas aptitudes mentais e físicas;

c) Facer posible que as persoas con discapacidade participen de xeito efectivo nunha sociedade libre.

2. Ao facer efectivo este dereito, os Estados Partes asegurarán que:

a) As persoas con discapacidade non queden excluídas do sistema xeral de educación por motivos de discapacidade, e que os nenos e as nenas con discapacidade non queden excluídos do ensino primario gratuíto e obrigatorio nin do ensino secundario por motivos de discapacidade;

b) Que as persoas con discapacidade poidan acceder a unha educación primaria e secundaria inclusiva, de calidade e gratuíta, en igualdade de condicións coas demais, na comunidade en que vivan;

c) Facer axustes razoables en función das necesidades individuais;

d) Prestarlles o apoio necesario ás persoas con discapacidade, no marco do sistema xeral de educación, para facilitar a súa formación efectiva;

e) Facilitar medidas de apoio personalizadas e efectivas en ámbitos que fomenten ao máximo o desenvolvemento académico e social, de conformidade co obxectivo da plena inclusión.

3. Os Estados Partes brindaranlles ás persoas con discapacidade a posibilidade de aprender habilidades para a vida e desenvolvemento social, co fin de propiciar a súa participación plena e en igualdade de condicións na educación e como membros da comunidade. Para este fin, os Estados Partes adoptarán as medidas pertinentes, entre elas:

a) Facilitar a aprendizaxe do Braille, a escritura alternativa, outros modos, medios e formatos de comunicación aumentativos ou alternativos e habilidades de orientación e de mobilidade, así como a titoría e o apoio entre pares;

b) Facilitar a aprendizaxe da lingua de sinais e a promoción da identidade lingüística das persoas xordas;

c) Asegurar que a educación das persoas e en particular a dos nenos e nenas cegos, xordos ou xordocegos se imparta nas linguaxes e os modos e medios de

comunicación máis apropiados para cada persoa e en ámbitos que permitan alcanzar o seu máximo desenvolvemento académico e social.

4. Co fin de contribuír a facer efectivo este dereito, os Estados Partes adoptarán as medidas pertinentes para empregar mestres, incluídos mestres con discapacidade, que estean cualificados en lingua de sinais ou Braille e para formar profesionais e persoal que traballen en todos os niveis educativos. Esa formación incluírá a toma de conciencia sobre a discapacidade e o uso de modos, medios e formatos de comunicación aumentativos e alternativos apropiados, e de técnicas e materiais educativos para apoiar as persoas con discapacidade.

5. Os Estados Partes asegurarán que as persoas con discapacidade teñan acceso xeral á educación superior, á formación profesional, á educación para adultos e á aprendizaxe durante toda a vida, sen discriminación e en igualdade de condicións coas demais. Para tal fin, os Estados Partes asegurarán que se realicen axustes razoables para as persoas con discapacidade.

Artigo 25

Saúde

Os Estados Partes recoñecen que as persoas con discapacidade teñen dereito a gozar do máis alto nivel posible de saúde sen discriminación por motivos de discapacidade. Os Estados Partes adoptarán as medidas pertinentes para asegurar o acceso das persoas con discapacidade a servizos de saúde que teñan en conta as cuestións de xénero, incluídas a rehabilitación relacionada coa saúde. En particular, os Estados Partes:

- a) Proporcionaránlles ás persoas con discapacidade programas e atención da saúde gratuítos ou a prezos alcanzables da mesma variedade e calidade ca ás demais persoas, mesmo no ámbito da saúde sexual e reprodutiva, e programas de saúde pública dirixidos á poboación;
- b) Proporcionarán os servizos de saúde que necesiten as persoas con discapacidade especificamente como consecuencia da súa discapacidade, incluída a detección temperá e intervención, cando proceda, e servizos destinados a previr e reducir ao máximo a aparición de novas discapacidades, incluídos os nenos e as nenas e as persoas maiores;
- c) Proporcionarán eses servizos o máis preto posible das comunidades das persoas con discapacidade, mesmo nas zonas rurais;
- d) Esixiranlles aos profesionais da saúde que lles presten ás persoas con discapacidade atención da mesma calidade ca ás demais persoas sobre a base dun consentimento libre e informado, entre outras formas mediante a sensibilización respecto dos dereitos humanos, a dignidade, a autonomía e as necesidades das persoas con discapacidade a través da capacitación e a promulgación de normas éticas para a atención da saúde nos ámbitos público e privado;
- e) Prohibirán a discriminación contra as persoas con discapacidade na prestación de seguros de saúde e de vida cando estes estean permitidos na lexislación nacional, e velarán porque eses seguros se presten de xeito xusto e razoable;
- f) Impedirán que se neguen, de xeito discriminatorio, servizos de saúde ou de atención da saúde ou alimentos sólidos ou líquidos por motivos de discapacidade.

Artigo 26

Habilitación e rehabilitación

1. Os Estados Partes adoptarán medidas efectivas e pertinentes, mesmo mediante o apoio de persoas que se achen nas mesmas circunstancias, para que as persoas con discapacidade poidan lograr e manter a máxima independencia, capacidade física, mental, social e vocacional, e a inclusión e participación plena en todos os aspectos da vida. Para tal fin, os Estados Partes organizarán, intensificarán e ampliarán servizos e programas xerais de habilitación e rehabilitación, en particular nos ámbitos da saúde, o emprego, a educación e os servizos sociais, de forma que eses servizos e programas:

a) Comecen na etapa máis temperá posible e se baseen nunha avaliación multidisciplinar das necesidades e capacidades da persoa;

b) Apoien a participación e inclusión na comunidade e en todos os aspectos da sociedade, sexan voluntarios e estean á disposición das persoas con discapacidade o máis preto posible da súa propia comunidade, mesmo nas zonas rurais.

2. Os Estados Partes promoverán o desenvolvemento de formación inicial e continua para os profesionais e o persoal que traballen nos servizos de habilitación e rehabilitación.

3. Os Estados Partes promoverán a dispoñibilidade, o coñecemento e o uso de tecnoloxías de apoio e dispositivos destinados ás persoas con discapacidade, para os efectos de habilitación e rehabilitación.

Artigo 27

Traballo e emprego

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito das persoas con discapacidade a traballar en igualdade de condicións coas demais; iso inclúe o dereito a ter a oportunidade de gañar a vida mediante un traballo libremente elixido ou aceptado nun mercado e nun ámbito laborais que sexan abertos, inclusivos e accesibles ás persoas con discapacidade. Os Estados Partes salvagardarán e promoverán o exercicio do dereito ao traballo, mesmo para as persoas que adquiran unha discapacidade durante o emprego, adoptando medidas pertinentes, incluídas a promulgación de lexislación, entre elas:

a) Prohibir a discriminación por motivos de discapacidade con respecto a todas as cuestións relativas a calquera forma de emprego, incluídas as condicións de selección, contratación e emprego, a continuidade no emprego, a promoción profesional e unhas condicións de traballo seguras e saudables;

b) Protexer os dereitos das persoas con discapacidade, en igualdade de condicións coas demais, a condicións de traballo xustas e favorables, e en particular a igualdade de oportunidades e de remuneración por traballo de igual valor, a condicións de traballo seguras e saudables, incluídas a protección contra o acoso e a reparación por agravios sufridos;

c) Asegurar que as persoas con discapacidade poidan exercer os seus dereitos laborais e sindicais, en igualdade de condicións coas demais;

- d) Permitir que as persoas con discapacidade teñan acceso efectivo a programas xerais de orientación técnica e vocacional, servizos de colocación e formación profesional e continua;
 - e) Alentar as oportunidades de emprego e a promoción profesional das persoas con discapacidade no mercado laboral, e apoialas para a busca, obtención, mantemento do emprego e retorno a este;
 - f) Promover oportunidades empresariais, de emprego por conta propia, de constitución de cooperativas e de inicio de empresas propias;
 - g) Empregar persoas con discapacidade no sector público;
 - h) Promover o emprego de persoas con discapacidade no sector privado mediante políticas e medidas pertinentes, que poden incluír programas de acción afirmativa, incentivos e outras medidas;
 - i) Velar porque se realicen axustes razoables para as persoas con discapacidade no lugar de traballo;
 - j) Promover a adquisición polas persoas con discapacidade de experiencia laboral no mercado de traballo aberto;
 - k) Promover programas de rehabilitación vocacional e profesional, mantemento do emprego e reincorporación ao traballo dirixidos a persoas con discapacidade.
2. Os Estados Partes asegurarán que as persoas con discapacidade non sexan sometidas a escravitude nin servidume e que estean protexidas, en igualdade de condicións coas demais, contra o traballo forzoso ou obrigatorio.

Artigo 28

Nivel de vida axeitado e protección social

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito das persoas con discapacidade a un nivel de vida axeitado para elas e as súas familias, o cal inclúe alimentación, vestido e vivenda axeitados, e á mellora continua das súas condicións de vida, e adoptarán as medidas pertinentes para salvagardar e promover o exercicio deste dereito sen discriminación por motivos de discapacidade.
2. Os Estados Partes recoñecen o dereito das persoas con discapacidade á protección social e a gozar dese dereito sen discriminación por motivos de discapacidade, e adoptarán as medidas pertinentes para protexer e promover o exercicio dese dereito, entre elas:
 - a) Asegurar o acceso en condicións de igualdade das persoas con discapacidade a servizos de auga potable e o seu acceso a servizos, dispositivos e asistencia doutra índole axeitados a prezos alcanzables para atender as necesidades relacionadas coa súa discapacidade;
 - b) Asegurar o acceso das persoas con discapacidade, en particular as mulleres e nenas e as persoas maiores con discapacidade, a programas de protección social e estratexias de redución da pobreza;
 - c) Asegurar o acceso das persoas con discapacidade e das súas familias que vivan en situacións de pobreza a asistencia do Estado para sufragar gastos relacionados coa súa discapacidade, incluídos capacitación, asesoramento, asistencia financeira e servizos de coidados temporais axeitados;
 - d) Asegurar o acceso das persoas con discapacidade a programas de vivenda pública;

e) Asegurar o acceso en igualdade de condicións das persoas con discapacidade a programas e beneficios de xubilación.

Artigo 29

Participación na vida política e pública

Os Estados Partes garantíranlles ás persoas con discapacidade os dereitos políticos e a posibilidade de gozar deles en igualdade de condicións coas demais e comprometeranse a:

a) Asegurar que as persoas con discapacidade poidan participar plena e efectivamente na vida política e pública en igualdade de condicións coas demais, directamente ou a través de representantes libremente elixidos, incluído o dereito e a posibilidade das persoas con discapacidade a votar e ser elixidas, entre outras formas, mediante:

i) A garantía de que os procedementos, instalacións e materiais electorais sexan adecuados, accesibles e doados de entender e utilizar;

ii) A protección do dereito das persoas con discapacidade a emitir o seu voto en segredo en eleccións e referendo públicos sen intimidación, e a presentarse efectivamente como candidatas nas eleccións, exercer cargos e desempeñar calquera función pública a todos os niveis de goberno, facilitando o uso de novas tecnoloxías e tecnoloxías de apoio cando proceda;

iii) A garantía da libre expresión da vontade das persoas con discapacidade como electores e para este fin, cando sexa necesario e por petición delas, permitir que unha persoa da súa elección lles preste asistencia para votar;

b) Promover activamente un ámbito no que as persoas con discapacidade poidan participar plena e efectivamente na dirección dos asuntos públicos, sen discriminación e en igualdade de condicións coas demais, e fomentar a súa participación nos asuntos públicos e, entre outras cousas:

i) A súa participación en organizacións e asociacións non gobernamentais relacionadas coa vida pública e política do país, incluídas as actividades e a administración dos partidos políticos;

ii) A constitución de organizacións de persoas con discapacidade que representen a estas persoas no ámbito internacional, nacional, rexional e local, e a súa incorporación ás devanditas organizacións.

Artigo 30

Participación na vida cultural, as actividades recreativas, o esparexemento e o deporte

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito das persoas con discapacidade a participar, en igualdade de condicións coas demais, na vida cultural e adoptarán todas as medidas pertinentes para asegurar que as persoas con discapacidade:

a) Teñan acceso a material cultural en formatos accesibles;

b) Teñan acceso a programas de televisión, películas, teatro e outras actividades culturais en formatos accesibles;

- c) Teñan acceso a lugares onde se ofrezan representacións ou servizos culturais tales como teatros, museos, cines, bibliotecas e servizos turísticos e, na medida do posible, teñan acceso a monumentos e lugares de importancia cultural nacional.
2. Os Estados Partes adoptarán as medidas pertinentes para que as persoas con discapacidade poidan desenvolver e utilizar o seu potencial creativo, artístico e intelectual, non só no seu propio beneficio senón tamén para o enriquecemento da sociedade.
3. Os Estados Partes tomarán todas as medidas pertinentes, de conformidade co dereito internacional, co fin de asegurar que as leis de protección dos dereitos de propiedade intelectual non constitúan unha barreira excesiva ou discriminatoria para o acceso das persoas con discapacidade a materiais culturais.
4. As persoas con discapacidade terán dereito, en igualdade de condicións coas demais, ao recoñecemento e ao apoio da súa identidade cultural e lingüística específica, incluídas a lingua de sinais e a cultura dos xordos.
5. Co fin de que as persoas con discapacidade poidan participar en igualdade de condicións coas demais en actividades recreativas, de esporeamento e deportivas, os Estados Partes adoptarán as medidas pertinentes para:
- a) Alentar e promover a participación, na maior medida posible, das persoas con discapacidade nas actividades deportivas xerais a todos os niveis;
- b) Asegurar que as persoas con discapacidade teñan a oportunidade de organizar e desenvolver actividades deportivas e recreativas específicas para as devanditas persoas e de participar nas devanditas actividades e, para ese fin, alentar a que se lles ofrezan, en igualdade de condicións coas demais, instrución, formación e recursos axeitados;
- c) Asegurar que as persoas con discapacidade teñan acceso a instalacións deportivas, recreativas e turísticas;
- d) Asegurar que os nenos e as nenas con discapacidade teñan igual acceso ca os demais nenos e nenas á participación en actividades lúdicas, recreativas, de esporeamento e deportivas, incluídas as que se realicen dentro do sistema escolar;
- e) Asegurar que as persoas con discapacidade teñan acceso aos servizos dos que participan na organización de actividades recreativas, turísticas, de esporeamento e deportivas.

Artigo 31

Recompilación de datos e estatísticas

1. Os Estados Partes recompilarán información axeitada, incluídos datos estatísticos e de investigación, que lles permita formular e aplicar políticas, co fin de lle dar efecto á presente Convención. No proceso de recompilación e mantemento desta información deberase:
- a) Respetar as garantías legais establecidas, incluída a lexislación sobre protección de datos, co fin de asegurar a confidencialidade e o respecto da privacidade das persoas con discapacidade;
- b) Cumprir as normas aceptadas internacionalmente para protexer os dereitos humanos e as liberdades fundamentais, así como os principios éticos na recompilación e o uso de estatísticas.

2. A información recompilada de conformidade co presente artigo analizarase, se é o caso, e utilizarase como axuda para avaliar o cumprimento polos Estados Partes das súas obrigas conforme á presente Convención, así como para identificar e eliminar as barreiras con que se enfrontan as persoas con discapacidade no exercicio dos seus dereitos.

3. Os Estados Partes asumirán a responsabilidade de difundir estas estatísticas e asegurar que sexan accesibles para as persoas con discapacidade e outras persoas.

Artigo 32

Cooperación internacional

1. Os Estados Partes recoñecen a importancia da cooperación internacional e a súa promoción en apoio dos esforzos nacionais para facer efectivos o propósito e os obxectivos da presente Convención, e tomarán as medidas pertinentes e efectivas a este respecto entre os Estados e, cando corresponda, en asociación coas organizacións internacionais e rexionais pertinentes e a sociedade civil, en particular organizacións de persoas con discapacidade. Entre esas medidas cabería incluír:

a) Velar porque a cooperación internacional, incluídos os programas de desenvolvemento internacionais, sexa inclusiva e accesible para as persoas con discapacidade;

b) Facilitar e apoiar o fomento da capacidade, mesmo mediante o intercambio e a distribución de información, experiencias, programas de formación e prácticas recomendadas;

c) Facilitar a cooperación na investigación e o acceso a coñecementos científicos e técnicos;

d) Proporcionar, segundo corresponda, asistencia apropiada, técnica e económica, mesmo facilitando o acceso a tecnoloxías accesibles e de asistencia e compartindo esas tecnoloxías, e mediante a súa transferencia.

2. As disposicións do presente artigo aplicaranse sen prexuízo das obrigas que lle incumban a cada Estado Parte en virtude da presente Convención.

Artigo 33

Aplicación e seguimento nacionais

1. Os Estados Partes, de conformidade co seu sistema organizativo, designarán un ou máis organismos gubernamentais encargados das cuestións relativas á aplicación da presente Convención e considerarán detidamente a posibilidade de establecer ou designar un mecanismo de coordinación para facilitar a adopción de medidas ao respecto en diferentes sectores e a diferentes niveis.

2. Os Estados Partes, de conformidade cos seus sistemas xurídicos e administrativos, manterán, reforzarán, designarán ou establecerán, no ámbito nacional, un marco, que constará dun ou varios mecanismos independentes, para promover, protexer e supervisar a aplicación da presente Convención. Cando designen ou establezan eses mecanismos, os Estados Partes terán en conta os

principios relativos á condición xurídica e o funcionamento das institucións nacionais de protección e promoción dos dereitos humanos.

3. A sociedade civil, e en particular as persoas con discapacidade e as organizacións que as representan, estarán integradas e participarán plenamente en todos os niveis do proceso de seguimento.

Artigo 34

Comité sobre os dereitos das persoas con discapacidade

1. Crearase un Comité sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (en diante, "o Comité") que desempeñará as funcións que se enuncian a continuación.

2. O Comité constará, no momento en que entre en vigor a presente Convención, de 12 expertos. Cando a Convención obteña outras 60 ratificacións ou adhesións, a composición do Comité incrementarase en seis membros máis, co que alcanzará un máximo de 18 membros.

3. Os membros do Comité desempeñarán as súas funcións a título persoal e serán persoas de grande integridade moral e recoñecida competencia e experiencia nos temas a que se refire a presente Convención. Invítase os Estados Partes a que, cando designen os seus candidatos, tomen debidamente en consideración a disposición que se enuncia no parágrafo 3 do artigo 4 da presente Convención.

4. Os membros do Comité serán elixidos polos Estados Partes, que tomarán en consideración unha distribución xeográfica equitativa, a representación das diferentes formas de civilización e os principais ordenamentos xurídicos, unha representación de xénero equilibrada e a participación de expertos con discapacidade.

5. Os membros do Comité elixiranse mediante voto secreto dunha lista de persoas designadas polos Estados Partes de entre os seus nacionais en reunións da Conferencia dos Estados Partes. Nestas reunións, nas que dous terzos dos Estados Partes constituirán quórum, as persoas elixidas para o Comité serán as que obteñan o maior número de votos e unha maioría absoluta de votos dos representantes dos Estados Partes presentes e votantes.

6. A elección inicial celebrarase antes de que transcorran seis meses a partir da data de entrada en vigor da presente Convención. Polo menos catro meses antes da data de cada elección, o Secretario Xeral das Nacións Unidas dirixirá unha carta aos Estados Partes invitándoos a que presenten os seus candidatos nun prazo de dous meses. O Secretario Xeral preparará despois unha lista na que figurarán, por orde alfabética, todas as persoas así propostas, con indicación dos Estados Partes que as propuxeron, e comunicarllela aos Estados Partes na presente Convención.

7. Os membros do Comité elixiranse por un período de catro anos. Poderán ser reelixidos se se presenta de novo a súa candidatura. Non obstante, o mandato de seis dos membros elixidos na primeira elección expirará ao cabo de dous anos; inmediatamente despois da primeira elección, os nomes deses seis membros serán sacados a sorte polo presidente da reunión á que se fai referencia no parágrafo 5 do presente artigo.

8. A elección dos outros seis membros do Comité farase con ocasión das eleccións ordinarias, de conformidade coas disposicións pertinentes do presente artigo.

9. Se un membro do Comité falece, renuncia ou declara que, por algunha outra causa, non pode seguir desempeñando as súas funcións, o Estado Parte que o

propuxo designará outro experto que posúa as cualificacións e reúna os requisitos previstos nas disposicións pertinentes do presente artigo para ocupar o posto durante o resto do mandato.

10. O Comité adoptará o seu propio regulamento.

11. O Secretario Xeral das Nacións Unidas proporcionará o persoal e as instalacións que sexan necesarios para o efectivo desempeño das funcións do Comité conforme á presente Convención e convocará a súa reunión inicial.

12. Coa aprobación da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, os membros do Comité establecido en virtude da presente Convención percibirán emolumentos con cargo aos recursos das Nacións Unidas nos termos e condicións que a Asemblea Xeral decida, tomando en consideración a importancia das responsabilidades do Comité.

13. Os membros do Comité terán dereito ás facilidades, prerrogativas e inmunidades que se lles conceden aos expertos que realizan misións para as Nacións Unidas, conforme ao disposto nas seccións pertinentes da Convención sobre Prerrogativas e Inmunidades das Nacións Unidas.

Artigo 35

Informes presentados polos Estados Partes

1. Os Estados Partes presentaranlle ao Comité, por conduto do Secretario Xeral das Nacións Unidas, un informe exhaustivo sobre as medidas que adoptasen para cumprir as súas obrigas conforme á presente Convención e sobre os progresos realizados ao respecto no prazo de dous anos contados a partir da entrada en vigor da presente Convención no Estado Parte de que se trate.

2. Posteriormente, os Estados Partes presentarán informes posteriores polo menos cada catro anos e nas demais ocasións en que o Comité llo solicite.

3. O Comité decidirá as directrices aplicables ao contido dos informes.

4. O Estado Parte que lle presentase un informe inicial exhaustivo ao Comité non terá que repetir, nos seus informes posteriores, a información previamente facilitada. Invítase aos Estados Partes a que, cando preparen informes para o Comité, o fagan mediante un procedemento aberto e transparente e teñan en conta debidamente o disposto no parágrafo 3 do artigo 4 da presente Convención.

5. Nos informes poderanse indicar factores e dificultades que afecten o grao de cumprimento das obrigas contraídas en virtude da presente convención.

Artigo 36

Consideración dos informes

1. O Comité considerará todos os informes, fará as suxestións e as recomendacións que considere oportunas con respecto a eles e remitirallas ao Estado Parte de que se trate. Este poderá responder enviándolle ao Comité calquera información que desexe. O Comité poderá solicitarlles aos Estados Partes máis información con respecto á aplicación da presente Convención.

2. Cando un Estado Parte se demorase considerablemente na presentación dun informe, o Comité poderá notificarlle a necesidade de examinar a aplicación da presente Convención no devandito Estado Parte sobre a base de información fiable que poña á disposición do Comité, en caso de que o informe pertinente non se

presente nun prazo de tres meses dende a notificación. O Comité invitará o Estado Parte interesado a participar no devandito exame. Se o Estado Parte respondese presentando o informe pertinente, aplicarase o disposto no parágrafo 1 do presente artigo.

3. O Secretario Xeral das Nacións Unidas porá os informes á disposición de todos os Estados Partes.

4. Os Estados Partes daranlles ampla difusión pública aos seus informes nos seus propios países e facilitarán o acceso ás suxestións e recomendacións xerais sobre eses informes.

5. O Comité transmitiralles, segundo estime apropiado, aos organismos especializados, os fondos e os programas das Nacións Unidas, así como a outros órganos competentes, os informes dos Estados Partes, co fin de atender unha solicitude ou unha indicación de necesidade de asesoramento técnico ou asistencia que figure neles, xunto coas observacións e recomendacións do Comité, se as houbese, sobre esas solicitudes ou indicacións.

Artigo 37

Cooperación entre os Estados Partes e o Comité

1. Os Estados Partes cooperarán co Comité e axudarán os seus membros a cumprir o seu mandato.

2. Na súa relación cos Estados Partes, o Comité tomará debidamente en consideración medios e arbitrios para mellorar a capacidade nacional de aplicación da presente Convención, mesmo mediante a cooperación internacional.

Artigo 38

Relación do Comité con outros órganos

Co fin de fomentar a aplicación efectiva da presente Convención e de estimular a cooperación internacional no ámbito que abrangue:

a) Os organismos especializados e demais órganos das Nacións Unidas terán dereito a estar representados no exame da aplicación das disposicións da presente Convención que entren dentro do seu mandato. O Comité poderá invitar tamén os organismos especializados e outros órganos competentes que considere apropiados a que proporcionen asesoramento especializado sobre a aplicación da Convención nos ámbitos que entren dentro dos seus respectivos mandatos. O Comité poderá invitar os organismos especializados e outros órganos das Nacións Unidas a que presenten informes sobre a aplicación da Convención nas esferas que entren dentro do seu ámbito de actividades;

b) Ao exercer o seu mandato, o Comité consultará, segundo proceda, con outros órganos pertinentes constituídos en virtude de tratados internacionais de dereitos humanos, con miras a garantir a coherencia das súas respectivas directrices de presentación de informes, suxestións e recomendacións xerais e a evitar a duplicación e a superposición de tarefas no exercicio das súas funcións.

Artigo 39

Informe do Comité

O Comité informará cada dous anos a Asemblea Xeral e o Consello Económico e Social sobre as súas actividades e poderá facer suxestións e recomendacións de carácter xeral baseadas no exame dos informes e datos recibidos dos Estados Partes na Convención. Esas suxestións e recomendacións de carácter xeral incluíranse no informe do Comité, xunto cos comentarios, se os houberse, dos Estados Partes.

Artigo 40

Conferencia dos Estados Partes

1. Os Estados Partes reuniranse periodicamente nunha Conferencia dos Estados Partes, co fin de considerar todo asunto relativo á aplicación da presente Convención.
2. O Secretario Xeral das Nacións Unidas convocará a Conferencia dos Estados Partes nun prazo que non superará os seis meses contados a partir da entrada en vigor da presente Convención. As reunións posteriores, con periodicidade bienal ou cando o decida a Conferencia dos Estados Partes, serán convocadas polo Secretario Xeral.

Artigo 41

Depositario

O Secretario Xeral das Nacións Unidas será o depositario da presente Convención.

Artigo 42

Sinatura

A presente Convención estará aberta á sinatura de todos os Estados e das organizacións rexionais de integración na sede das Nacións Unidas, en Nova York, a partir do 30 de marzo de 2007.

Artigo 43

Consentimento en obrigarse

A presente Convención estará suxeita á ratificación dos Estados signatarios e á confirmación oficial das organizacións rexionais de integración signatarias. Estará aberta á adhesión de calquera Estado ou organización rexional de integración que non a asinase.

Artigo 44

Organizacións rexionais de integración

1. Por "organización rexional de integración" entenderase unha organización constituída por Estados soberanos dunha rexión determinada á que os seus Estados Membros transferisen competencia respecto das cuestións rexidas pola presente Convención. Esas organizacións declararán, nos seus instrumentos de confirmación oficial ou adhesión, o seu grao de competencia con respecto ás cuestións rexidas pola presente convención. Posteriormente, informarán o depositario de toda modificación substancial do seu grao de competencia.
2. As referencias aos "Estados Partes" conforme á presente Convención serán aplicables a esas organizacións dentro dos límites da súa competencia.
3. Para os efectos do disposto no parágrafo 1 do artigo 45 e nos parágrafos 2 e 3 do artigo 47 da presente Convención, non se terá en conta ningún instrumento depositado por unha organización rexional de integración.
4. As organizacións rexionais de integración, en asuntos da súa competencia, exercerán o seu dereito de voto na Conferencia dos Estados Partes, cun número de votos igual ao número dos seus Estados membros que sexan Partes na presente Convención. As devanditas organizacións non exercerán o seu dereito de voto se os seus Estados membros exercen o seu, e viceversa.

Artigo 45

Entrada en vigor

1. A presente Convención entrará en vigor o trixésimo día a partir da data en que fose depositado o vixésimo instrumento de ratificación ou adhesión.
2. Para cada Estado e organización rexional de integración que ratifique a Convención, se adhira a ela ou a confirme oficialmente unha vez que sexa depositado o vixésimo instrumento para os seus efectos, a Convención entrará en vigor o trixésimo día a partir da data en que fose depositado o seu propio instrumento.

Artigo 46

Reservas

1. Non se permitirán reservas incompatibles co obxecto e o propósito da presente Convención.
2. As reservas poderán ser retiradas en calquera momento.

Artigo 47

Emendas

1. Os Estados Partes poderán propoñer emendas á presente Convención e presentarllas ao Secretario Xeral das Nacións Unidas. O Secretario Xeral comunicarlles as emendas propostas aos Estados Partes, pedíndolles que lle notifiquen se desexan que se convoque unha conferencia de Estados Partes co fin de examinar a proposta e sometela a votación. Se dentro dos catro meses seguintes á data desa notificación, polo menos un terzo dos Estados Partes se declara a favor

de tal convocatoria, o Secretario Xeral convocará unha conferencia baixo os auspicios das Nacións Unidas. Toda emenda adoptada por maioría de dous terzos dos Estados Partes presentes e votantes na conferencia será sometida polo Secretario Xeral á Asemblea Xeral das Nacións Unidas para a súa aprobación e posteriormente aos Estados Partes para a súa aceptación.

2. Toda emenda adoptada e aprobada conforme ao disposto no parágrafo 1 do presente artigo entrarán en vigor o trixésimo día a partir da data en que o número de instrumentos de aceptación depositados alcance os dous terzos do número de Estados Partes que había na data de adopción da emenda. Posteriormente, a emenda entrará en vigor para todo Estado Parte o trixésimo día a partir daquel en que depositase o seu propio instrumento de aceptación. As emendas serán vinculantes exclusivamente para os Estados Partes que as aceptasen.

3. En caso de que así o decida a Conferencia dos Estados Partes por consenso, as emendas adoptadas e aprobadas de conformidade co disposto no parágrafo 1 do presente artigo que garden relación exclusivamente cos artigos 34, 38, 39 e 40 entrarán en vigor para todos os Estados Partes o trixésimo día a partir de aquel en que o número de instrumentos de aceptación depositados alcance os dous terzos do número de Estados Partes que houberse na data de adopción da emenda.

Artigo 48

Denuncia

Os Estados Partes poderán denunciar a presente Convención mediante notificación escrita dirixida ao Secretario Xeral das Nacións Unidas.

A denuncia terá efecto un ano despois de que o Secretario Xeral reciba a notificación.

Artigo 49

Formato accesible

O texto da presente Convención difundirase en formatos accesibles.

Artigo 50

Textos auténticos

Os textos en árabe, chinés, español, francés, inglés e ruso da presente Convención serán igualmente auténticos.

EN TESTEMUÑO DO CAL, os plenipotenciarios abaixo asinantes, debidamente autorizados polos seus respectivos gobernos, asinan a presente Convención.